


CONCURSO DE CARTELES

Venres de Folión



Reparto da Bica



ENTROIDO DE LAZA

PERCEZ DE COGNOL
2024
PERCEZ DE COGNOL (GOZAR)



Peliqueiros



A participación neste concurso está aberta a todas e todos aqueles que queiran implicarse, sempre que se cumpran os requisitos expostos a continuación; podendo presentarse un **máximo de 2 obras por participante**.

É condición indispensable para a participación que esas obras sexan inéditas (nunca antes expostas).

Para calquera dúbida ou consulta non resolta a continuación, está dispoñible a seguinte dirección de correo electrónico: acenlazados@gmail.com.

1.- TEMA

O Entroido de Laza

2.- TEXTO E FORMATO

A obra deberá incluír o seguinte texto:

ENTROIDO DE LAZA 2024

O formato único será vertical con tamaño de **42 x 60 cm**.

3.- REQUIRIMENTOS

3.1.- Respecto polo noso Entroido

Todo cartel que se presente ten que ser realizado dende o respecto ó Entroido, respetando a súa tradición e historia, os seus personaxes e a cultura da nosa aldea.

3.2.- Imaxes propias

Todas as imaxes que se presenten no cartel deben ser do propio autor ou autora, ou de ser o caso, ser cedidas para o uso deste antes de presentalo.

3.3.- Anulación do cartel

Non se aceptará ningunha obra que aldraxe o Entroido ou menosprece o seu valor, así como será rexeitado calquera cartel que se mofe das súas costumes.

3.4.- Publicidade en redes sociais

Todo concursante que participe no concurso non poderá facer publicidade do seu cartel, xa que este ten que ser anónimo, polo tanto quedará descalificado.

4.- PRESENTACIÓN OU ENTREGA

Por **correo electrónico** a: acenlazados@gmail.com.

No asunto do correo indicarse **“CONCURSO CARTEL ENTROIDO 2024”**. O texto do correo debe conter os seguintes datos:

- **Nome e apelidos.**
- **Lugar.**
- **Nº de teléfono.**
- **Lema ou pseudónimo co que será presentado.**

Formatos aceptados: .jpg, .tiff, .pdf, .ai, .eps, .psd con calidade de impresión a 300 ppp.

Será obrigatorio enviar o cartel en tres formatos (Imaxe JPG, PDF, e no formato da edición no caso de ser .ai, .eps, .psd)

Todos os correos serán contestados á súa recepción. Se no período dunha semana non recibiches resposta, por favor, ponte en contacto novamente para asegurarnos de que non houbo ningún erro.

5.- DATA LÍMITE PARA PARTICIPAR

31 de outubro do 2023

6.- TÉCNICA

Libre

Para aqueles carteis deseñados con ordenador, no caso de resultar gañadores, o autor deberá aportar o correspondente soporte e formato dixital que lle sexa requirido. Suxerimos que o cartel sexa conservado en .psd ou calquera outro formato que acepte capas por se, nun momento dado, fose necesario facer algunha pequena modificación de logos ou datas, sempre coa autorización do autor ou autora.

7.- PREMIO

Un premio de **200 euros** para o cartel gañador, que será a imaxe de promoción do Entroido de Laza 2024.

8.- XURADO

O xurado estará composto polos membros da Comisión do Entroido 2024 e polo voto dos veciños, veciñas e visitantes de Laza.

- **Voto dos veciños e veciñas:** todos os veciños, veciñas e visitantes que se achegan a Laza poderán votar por aquel cartel que máis lle guste, sendo este **1 punto** sobre o total dos votos. *Só se recollerá un voto por persoa.*

Poderase depositar o voto, sempre anónimo, na urna dispoñible no local no que estarán expostos os carteis. Tamén se poderá votar mediante unha enquisa *online*.

Na papeleta a cubrir aparecerán os seguintes datos:

CONCURSO CARTEL PROMOCIONAL
ENTROIDO DE LAZA 2023

Comisión Entroido 2023

NOME:

LUGAR:

NOME CARTEL:



Concurso Cartel Promocional Entroido 2024
Comisión do Entroido de Laza

- **Voto da comisión:** os diferentes membros da *Comisión de Entroido 2023* votarán individualmente o cartel que máis lle guste, implicando cada un destes un voto diferente.

No caso de máis dun cartel co mesmo número de votos, o presidente da Asociación será o encargado de desfacer dito empate e escoller o cartel gañador.

O resultado do concurso farase o día de **25 de novembro do 2023**, e a decisión do mesmo será inapelable, facéndose público nos medios de comunicación da asociación en LAZAdos: Facebook e twitter; así como calquera outro medio que dita Comisión así o considere.

O concurso poderase declarar deserto no caso de non alcanzar os carteis presentados a calidade desexada.

9.- EXPOSICIÓN

Os carteis presentados serán obxecto de exposición no **Salón de actos do Concello de Laza** (ou outro local que nos facilite o Concello, que será anunciado no momento), entre os días **04 de novembro de 2023 e 24 novembro de 2023** (incluídos).

O traballo gañador será a imaxe do Entroido de Laza 2024, e todos os carteis serán propiedade da Comisión do Entroido, á cal lle serán cedidos unha vez se falle o concurso.

10.- REPRODUCCIÓN

A Comisión do Entroido 2024 poderá efectuar cantas reproducións precise do cartel gañador, ademais de difundilo polos medios de publicidade que estime oportunos, sen que os seus autores poidan reclamar dereitos ao respecto, ademais de utilizar a imaxe completa ou parte dela para realizar material relacionado coa festa, como poden ser dípticos, camisetas, etc.

A Comisión do Entroido 2024 resérvase a posibilidade de realizar calquera modificación no cartel gañador, sempre que esta non supoña alteración substancial do mesmo.

11.- ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación neste concurso comporta a plena aceptación destas bases.

Dende a Comisión do Entroido, agradecemos a difusión e participación neste concurso.

acenlazados@gmail.com

MOITA SORTE!